

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/43/2020	GOB14I0M4
5E4A0X2L1V0U466U094G	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, e con motivo do Estado de Alarma declarado para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e en virtude do acordo plenario adoptado na sesión do 26 de marzo de 2020 relativo á posibilidade de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno deste Concello, celébrase coa asistencia efectiva da Sra. alcaldesa e dos Sres. Romero Franco e Pita Breijo e de xeito non presencial, por videoconferencia, coa dos/das demais concelleiros/as, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### 2º.- DAR CONTA APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION DA REDE EUSUMO PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE PROMOCION E IMPULSO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMIA SOCIAL PARA OS ANOS 2020 E 2021 (TR811A).

Dase conta do seguinte: A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 02 de decembro, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I0RQ que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/23/2020: Subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da aprobación da conta xustificativa</i>

Con data 25/11/2020 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código **ASII4I0QE** que di:

“

Con data 24/11/2020 a funcionaria de Asistencia á Secretaría elevou a esta Alcaldía o informe de código **ASII4I0Q9** que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Resolución</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/23/2020: Subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Aprobación da conta xustificativa</i>

Mediante resolución de data 21/02/2020, a Alcaldesa – Presidenta deste Concello aprobou a solicitude, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, da subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, por importe de 14.890,00 € (documento código **ASII4I058**). De dita resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 18/06/2020.

Con data 23/07/2020 e a través da plataforma [notifica.gal](http://notifica.gal), a Secretaría Xeral de Emprego notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención:

<i>Acción</i>	<i>Puntos</i>	<i>Axuda solicitada 2020</i>	<i>Axuda solicitada 2021</i>	<i>Axuda Aprobada 2020</i>	<i>Axuda aprobada 2021</i>	<i>Causa de minoración</i>
<i>CURSO ONLINE "EMPREENDEMENTO COOP"</i>	22	2680,00	0,00	2680,00	0,00	
<i>CURSO ONLINE "CULTURA FINANCEIRA"</i>	22	2680,00	0,00	2680,00	0,00	
<i>CURSO ONLINE "PLAN DE EMPRESA"</i>	22	2680,00	0,00	2680,00	0,00	
			<b>Total</b>	<b>8040,00</b>	<b>0,00</b>	

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega unha vez xustificadas os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Resolucions da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidentencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de

*índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

*Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de xustificación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria a tempo de que expire o prazo outorgado na convocatoria para xustificar a mesma, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita xustificación e do acto de avocación.*

*Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía a seguinte*

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

**PRIMEIRO:** *Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de xustificación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.*

**SEGUNDO:** *Aprobar a conta xustificativa da subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, nos seguintes termos:*

“

- 1. Dáse por cumprida a finalidade para a que foi concedida a subvención.*
- 2. Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:*

Nº orde	Nº factura	Concepto	Importe	Porcentaxe imputación á subvención	Importe que se xustifica
1	20 57	Curso: APRENDER A EMPRENDER. FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO. Impartido do 15/09/2020 ao 13/10/2020	3.350,00 €	80 %	2.680,00 €
2	20 58	Curso: CULTURA FINANCEIRA E FINANZAS ÉTICAS PARA O EMPRENDEMENTO. Impartido do 22/09/2020 ao 19/10/2020	3.350,00 €	80 %	2.680,00 €
3	20 59	Curso: COMO ELABORAR UN PLAN DE EMPRESA COOPERATIVA. Impartido do 29/09/2020 ao 27/10/2020	3.350,00 €	80 %	2.680,00 €
<b>TOTAL.....</b>			<b>10.050,00 €</b>		<b>8.040,00 €</b>

”

*“Logo do traslado da proposta aos Servizos Económicos do Concello, estes tomaron razón segundo o documento adxunto de código ICO14I0HP.*

*Polo anteriormente exposto e en uso das atribucións conferidas, esta Alcaldía*

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO:** *Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.*

**SEGUNDO:** *Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos do Concello.*

“

*En cumprimento do punto primeiro da proposta de resolución aprobada, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentencia:*

*Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.*

”Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I0IQ**, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**3º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN NAS BASES XERAIS PROCESO SELECTIVO 2020.**- Vista a proposta formulada que di así: Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de abril de 2020, polo que se aprobaban as bases xerais que han rexer os procesos selectivos que convoque o Concello de Narón para a selección de persoal funcionario durante o ano 2020.

Revisada a Base 5.2 das mesmas “Taxa por dereitos de exame” non existía un número de conta onde se poidera realizar o pago directamente.

Visto que como as solicitudes de admisión a procesos selectivos se poden realizar electrónicamente ata o derradeiro día do prazo fixado, ás 24.00 horas, e que o modelo das taxas de autoliquidación so pode proporcionarse polo persoal do departamento de tesourería , o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Facer a seguinte engádeda á Base Quinta, apartado 5.2. Taxa por dereitos de exame, parágrafo segundo, que deberá quedar como segue:

O importe da taxa farase efectivo mediante modelo de ingreso de autoliquidación que poderá obterse personándose nas oficinas dos Servizos Económicos municipais ( sitios na 4ª planta do Concello ), ou ben, ser solicitado, en horario de oficina de 8:30 a 13:30 horas, por correo electrónico á dirección tesoureria@naron.es indicándose neste caso os datos fiscais do solicitante ( nome completo, NIF, domicilio fiscal ) así como o concepto e importe da taxa que se pretende satisfacer.

Tamén poderá materializarse o pago das referidas taxas por dereitos de exame na seguinte conta bancaria do Concello de Narón

ES15 2080 0235 9131 1000 0017

No xustificante de pago deberán aparecer perfectamente especificados os seguintes datos:

- Apelidos e nome
- DNI.
- Proceso selectivo ao que corresponde o pago das taxas.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE NOVEMBRO DE 2020.**-

(...)

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de novembro de 2020, cun total de 234 contribuíntes e por importe de 20.995,54 €.



**Segundo:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Libre Concorrenza, do mes de novembro de 2020, cun total de 1 contribuínte e por importe de 54,60 €.

**Terceiro:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 21/12/2020 ata o 21/02/2021, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederá a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Cuarto:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

**Quinto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Sexto:** Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuran correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 21/12/2020.

**Sétimo.-** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4º do Concello ata o 18/02/2021, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

Ademais os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL POLA PRESTACION DE SERVIZOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO (ESCOLA DE MUSICA) DO MES DE NOVEMBRO DE 2020.-**

(...)

**Primeiro.-** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (escola de música) do mes de novembro de 2020, cun total de 23 contribuintes e por importe de 187,45 €.

**Segundo:** De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección, os padróns serán expostos ao público durante un prazo de 15 DÍAS, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 21/12/2020 ata o 21/02/2021, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Quinto:** Os recibos correspondentes a estas cobranzas que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 21/12/2020.

**Sexto:** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4ª do Concello, ata o 18/02/2021, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

Ademais, os contribuintes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.



**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4